

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 29 DE NOVEMBRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 29 de novembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 27 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Óscar Couce Senra, como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 8a, 8b, 4a, 4b e 12)
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 2 e 3)
D^a. Luz González Domínguez (asiste aos puntos 8c, 4c e 9a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta do 21 de novembro de 2018**

A Mesa aproba, por unanimidade, a acta da sesión do 21 de novembro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

b) Acta do 23 de novembro de 2018

A Mesa aproba, por unanimidade, a acta da sesión do 23 de novembro de 2018 cos votos de D^a. María Isabel Fernández Gabriel, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora do entorno da praza América (95-441) (informe sobre B)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:37	Páxina 1 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A345-C6D533-422AD1-ETGLF9-KQTYND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Técnica de Obras Públicas o 26 e 27 de novembro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entréganse os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestructuras, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras Públicas o 26 e 27 de novembro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que son aceptados por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas e Animación Sociocultural o 26 de novembro de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase o informe no perfil de contratante.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:37	Páxina 2 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A345-C6D533-422AD1-ETGLF9-KQTYND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- Admitir neste procedemento a IMATIA INNOVATION, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do portafirmas dixital corporativo do Concello de Vigo (8.622-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do único licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora do entorno da praza América (95-441)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que por acordo do 16 de novembro de 2018 se requiriu a CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L., ACCIONA CONSTRUCCION, S.A. e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. a información sobre a pertenza a un grupo de empresas para os efectos do previsto no artigo 86 do RXLCAP. Durante o prazo concedido as tres empresas presentaron a documentación requirida.

A continuación, pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	1.360.400,00
2	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	1.670.000,00
3	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	1.463.000,11
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.453.310,00
5	COPCISA, S.A.	1.372.370,00
6	ELSAMEX, S.A.U.	1.501.005,00
7	MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.	1.675.609,21
8	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	1.560.090,00
9	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	1.454.450,01
10	DRAGADOS, S.A.	1.605.310,00
11	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	1.411.890,00
12	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	1.403.150,00
13	ACCIONA CONSTRUCCION, S.A.	1.409.799,99



	Licitador	Redución do prezo
14	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	1.422.530,00
15	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	1.366.480,00
16	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	1.804.620,00
17	ORECO, S.A.	1.491.500,00
18	UTE PRACE, OBRAS Y SERVICIOS, S.A. e EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ	1.484.470,00

Asisten á apertura: D^a. M.I.M.A, en representación de PRACE, OBRAS Y SERVICIOS, S.A.; D. R.P.D, en representación de COPCISA, S.A.; D. J.L.B.L, en representación de ACCIONA CONSTRUCCION, S.A.; D. F.C.H, en representación de CIVIS GLOBAL, S.L.U.; D. M.A.V., en representación da Federación Galega da Construción; e D. M.R.L.G, en representación de DRAGADOS, S.A. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación de céspede artificial e instalacións nos campos de fútbol de Navia, Meixoeiro, Candeán, A Bouza e Baltasar Pujales-Bouzas (86-441)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que por acordo de data 31 de outubro de 2018 se requiriu a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. a información sobre a pertenza a un grupo de empresas para os efectos do previsto no artigo 86 do RXLCAP. Durante o prazo concedido as dúas empresas presentaron a documentación requirida.

No mesmo acordo se concedeu un prazo de tres días á UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT e á UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L. para que puidesen emendar a sinatura do sobre B. Ambos os dous licitadores emendaron correctamente tanto o sobre B como o sobre C.

A continuación, pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. (5 lotes)	LOTE 1 - 309.182,31 LOTE 2 - 352.603,23 LOTE 3 - 359.706,16 LOTE 4 - 292.872,60 LOTE 5 - 387.721,11
2	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES MANUEL RODRÍGUEZ, S.L. (lote 5)	LOTE 5 - 387.721,11
3	UTE ELSAMEX, S.A. - MECANO SPORT, S.L. (5 lotes)	LOTE 1 - 246.727,48 LOTE 2 - 291.955,48 LOTE 3 - 301.793,47 LOTE 4 - 242.205,64



Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

	Licitador	Redución do prezo
		LOTE 5 - 317.543,59
4	CALFENSA PROYECTOS, S.L. (5 lotes)	LOTE 1 - 308.247,50 LOTE 2 - 351.202,50 LOTE 3 - 358.160,00 LOTE 4 - 291.731,00 LOTE 5 - 386.595,00
5	UTE MONDO IBÉRICA, S.A. - CANARGA, S.L. (5 lotes)	LOTE 1 - 307.019,35 LOTE 2 - 349.781,96 LOTE 3 - 357.905,90 LOTE 4 - 292.287,60 LOTE 5 - 386.171,50
6	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L. (lote 5)	LOTE 5 - 387.721,11
7	ORECO, S.A. (5 lotes)	LOTE 1 - 290.013,01 LOTE 2 - 330.741,83 LOTE 3 - 337.404,37 LOTE 4 - 274.714,50 LOTE 5 - 363.682,40
8	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - CONSTRUCTORA OBRAS PÚBLICAS SAN EMETERIO, S.A. (5 lotes)	LOTE 1 - 292.950,24 LOTE 2 - 334.091,56 LOTE 3 - 340.821,58 LOTE 4 - 277.496,79 LOTE 5 - 367.365,75

Asisten á apertura: D^a. M.I.M.A, en representación de PRACE, OBRAS Y SERVICIOS, S.A. e D. M.A.V., en representación da Federación Galega da Construción. As actas de asistencia asinadas figuran no correspondente expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Cubrición e decoración artística das cabezas tractoras
1	CARROFESTA, S.L.	60.016,00	si

Non asiste público á apertura.

Tendo en conta o previsto na cláusula 16.3 do PCAP "As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas anormalmente baixas de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula" e a puntuación



máxima para os criterios avaliados mediante fórmula indicada no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP, a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a CARROFESTA, S.L. a seguinte puntuación:

	Licitador	Redución do prezo	Cubrición e decoración artística das cabezas tractoras
1	CARROFESTA, S.L.	49 puntos	6 puntos

Á vista da documentación outorgada ao licitador na proposición avaliada mediante xuízo de valor, segundo consta no informe de data 26 de novembro de 2018, a puntuación total outorgada a CARROFESTA, S.L. é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	CARROFESTA, S.L.	35 puntos	55 puntos	90 puntos

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335)

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para Cabalgata de Reis 2019 (7.644-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CARROFESTA, S.L.	90 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

10.- Propostas de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:37	Páxina 6 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A345-C6D533-422AD1-ETGLF9-KQTYND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo de maquinaria na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra para o taller de vías e obras (82.229-250)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data do 14 de novembro de 2018 se notificou o acordo de clasificación a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. no que se lle requiría a presentación da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación se ben non achegou acreditación da solvencia (económica e técnica), polo que a Mesa acorda, por unanimidade:

- Conceder un prazo de tres días a CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES, S.A. para que acredite a solvencia económica e técnica segundo o esixido nos apartados 5A e 5B do Anexo I -FEC- e na cláusula 8 do PCAP.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 22 de novembro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SOCIEDAD LIMITADA por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 19 de novembro de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:37	Páxina 7 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A345-C6D533-422AD1-ETGLF9-KQTYND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.	96,27
2	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	94,16
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA	92,29
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	91,03
5	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	88,99
6	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- EXC. Y TRANSPORTES MANUEL RODRIGUEZ, S.L.	88,88
7	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS SA	87,21
8	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS SL	87,02
9	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ SL	82,47
10	CONSTRUCCIONES FECHI, SL	82,24
11	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	79,12
12	COPCISA SA	76,62
13	ELSAMEX SA	72,18

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., o día 23 de novembro de 2018, que presenta a documentación requirida o 26 de novembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:37	Páxina 8 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A345-C6D533-422AD1-ETGLF9-KQTYND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 5 e 21 de novembro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da Avda. das Camelias entre Juan Ramón Jiménez e Avda. Hispanidade (109-441) por un prezo total de 1.567.027,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 271.963,36 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

12.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil municipal (13.397-445)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil municipal (13.397-445)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:37	Páxina 9 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A345-C6D533-422AD1-ETGLF9-KQTYND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Con data do 31 de outubro de 2018 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil municipal (13.397-445).

Segundo.- Segundo o certificado do Rexistro Xeral de data 23 de novembro de 2018 só se presentou a esta licitación RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 23 de novembro de 2018 abriu o sobre A “*documentación persoal*” do único licitador presentado, que foi admitido neste procedemento.

Na mesma sesión, a Mesa abriu o sobre C “*Proposición avaliable mediante fórmula*”, e comprobou que o licitador non presentou a documentación esixida no PCAP na cláusula 14.2c e no apartado 6B do Anexo I, isto é a súa oferta económica, polo que acordou excluílo do procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Único.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que o único licitador presentado a este procedemento, RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U., foi excluído por acordo da Mesa de Contratación de data 23 de novembro de 2018 por non presentar a súa oferta económica (esixida no PCAP na cláusula 14.2c e no apartado 6B do Anexo I), cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles para a flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil municipal (13.397-445) por non ter presentado o único licitador admitido a súa oferta económica”.

13.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a xestión das Escolas infantís municipais (EIMs) de Tomás Alonso e Bouzas (21.847-332)

- **Recurso especial en materia de contratación interposto o 3 de novembro de 2018 por D. José Luis Rey Parente, en nome e representación de COLEGIO LOS MILAGROS, S.L., contra o acordo de**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:37	Páxina 10 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A345-C6D533-422AD1-ETGLF9-KQTYND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



adxudicación

Dáse conta do citado recurso aos membros da Mesa.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:37	Páxina 11 de 11
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9A345-C6D533-422AD1-ETGLF9-KQTYND-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		